

A XUNTA SITÚA GALICIA Á VANGARDA DE EUROPA CA LEI DE RECURSOS NATURAIS

A nova norma prevé o abaratamento da factura eléctrica a familias e empresas e o avance da autonomía enerxética na comunidade



Galicia é inmensamente rica en recursos naturais e esa riqueza debe ser un dos principais motores para impulsar o desenvolvemento da comunidade autónoma. Este é o leitmotiv da Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan os recursos naturais de Galicia, máis coñecida como Lei de recursos naturais. Trátase dunha normativa moderna e transversal que busca establecer un marco legal sólido para a protección, conservación, ordenación e aproveitamento sostible dos recursos naturais galegos.

“Esta lei nace cun espírito transformador e cunha idea moi clara: converter a riqueza natural de Galicia en riqueza social”, subliñou a conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, na presentación da norma ante o Parlamento Galego. Isto vaise facer, proseguíu, fomentando os beneficios sociais e económicos dos diferentes proxectos, que van ser un compromiso adicional adquirido polos promotores para xerar un impacto positivo na comunidade autónoma e, especialmente, nas zonas situadas dentro do seu ámbito de influencia.

A Lei de recursos naturais está aliñada cos obxectivos do informe Dragui sobre O futuro da competitividade europea, e vén demostrar que Galicia conta coas condicións óptimas para poñer en marcha moitas das medidas que Europa pretende impulsar para a súa modernización e crecemento.

A norma vai permitir reducir a dependencia enerxética do exterior; acelerar o despregamento das renovables para poder

“Son necesarios cambios valentes nas políticas que estamos facendo para que a cidadanía comprenda a enorme vantaxe que pode supoñer ter un desenvolvemento renovable de primeiro nivel no seu territorio”

(María Jesús Lorenzana, conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia)

“A norma vai permitir á comunidade avanzar na descarbonización, no autoabastecemento e xerar un crecemento industrial e enerxético importantísimo nesta lexislatura e nas seguintes”

(María Jesús Lorenzana, conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia)

abaratara o prezo eléctrico; democratizar e multiplicar os acordos de compravenda de enerxía a longo prazo (PPA); desacoplar os custos da electricidade da cotización dos fósiles; combater o cambio climático e, sobre todo, poñer en valor os recursos autóctonos. Cuns principios e cunhas bases moi claras, trátase de aproveitar os recursos naturais coa máxima protección ao medio ambiente, buscando que os beneficios xerados queden en Galicia e que sexa aquí onde xeren riqueza.

A lei entende por beneficios sociais e económicos, entre outros, a mellora das condicións de vida das zonas situadas no ámbito de influencia dos proxectos; a súa protección, mantemento e mellora ambiental; a promoción de novos investimentos e, en particular, de mecanismos de reinvestimento dos beneficios; o fomento da creación de emprego; a participación nos proxectos de investidores locais e de empresas e administracións das zonas en que se situará a instalación; e a redución dos custos da enerxía e a redución da dependencia enerxética das persoas consumidoras locais e industriais.